

MANIFESTO 25N 2020

Un ano máis, atopámonos ante o Día Internacional Contra as Violencias Machistas. Un ano máis, alzamos a voz contra calquera tipo de agresión ás mulleres polo mero de selo. Un ano máis, rebelámonos ante as violencias que atravesan todos os ámbitos das nosas vidas. **Este 2020 foron asasinadas 81 mulleres que, contabilizadas desde o ano 2010, suman xa 1094 e, aínda non o chaman polo seu nome: Terrorismo Machista.**

Estes asasinatos débense a un sistema **machista e patriarcal** que se opón con todas as súas forzas aos avances que, día a día e loita a loita, imos conseguindo as mulleres, xunto con cada vez máis homes, para que **Todas** podamos vivir nunha sociedade realmente xusta e igualitaria.

Os malos tratos e as agresións sexuais multiplicáronse polo confinamento durante a pandemia do Covid-19 que, a día de hoxe, seguimos sen deixar do todo atrás. Centos de mulleres no noso país víronse obrigadas a convivir co seu agresor sen ter opcións claras nin axudas suficientes para escapar da súa tortura diaria. Esta opresión tamén a padecen as fillas e fillos destes maltratadores que ven truncada a súa infancia ao deixarlles en orfandade, cando non ocorre que pagan tamén coa súa vida.

Para dar a volta a todas estas inxustizas, seguimos apostando pola autoxestión e o apoio mutuo entre mulleres, seguimos apostando pola deconstrución da masculinidade **tóxica** que envelena o comportamento de moitos homes, seguimos apostando pola **Coeducación** en igualdade e en valores que respecten a diversidade e a importancia de todos os seres humanos.

Non queremos ter que seguir lamentando estas mortes, non queremos ter que seguir padecendo estes malos tratos cotiáns e crueis. Imos defendernos xuntas porque queremos vivir libres, tranquilas e sen medo.

Desde CGT facemos un chamamento á mobilización social, á organización e á loita anarcofeminista todos os días **do ano** para plantar cara unidas, a **este sistema neoliberal, capitalista, patriarcal e machista que considera que as mulleres somos seres de segunda.**

ACABEMOS COAS VIOLENCIAS MACHISTAS

EN TODOS OS ÁMBITOS DA VIDA!